



Estimada familia:

Está aberto o prazo para participar no fondo solidario de libros de texto (3º E 4º de Primaria), solicitar as axudas para adquirir libros de texto (1º e 2º de Primaria) e material escolar (toda primaria). **O prazo de presentación das mesmas remata o 19 de xuño.**

Co obxectivo de gardar as medidas requiridas polas Autoridades Sanitarias, segundo as instrucións que se derivan da situación de Estado de Alarma na que nos atopamos, rogámoslles que sigan as instrucións recollidas a continuación:

- Cubrir a solicitude que enlazamos directamente dende o ordenador ou con bolígrafo azul ([Anexo I e II](#)). Tamén pode recoller estes anexos no centro educativo de luns a venres de 9:30h a 13:30h.
- O envío da solicitude deberá facerse pola seguinte orde de preferencia:
  - Por **vía electrónica** no formulario normalizado (anexos I e II) dispoñible na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>. Para isto precisa dispor de certificado dixital.
  - Enviando un correo coa solicitude asinada e escaneada ao email do colexio [ceip.montemogos@edu.xunta.es](mailto:ceip.montemogos@edu.xunta.es).
  - De xeito presencial no centro educativo de 9:00h a 14:00h, atendendo ao seguinte calendario:
    - Mércores 27 de maio: alumnado que de 1º e 2º de Primaria no curso 2020/2021.
    - Xoves 28 de maio: alumnado que de 3º e 4º de Primaria no curso 2020/2021.
    - Venres 29 de maio: alumnado que de 5º e 6º de Primaria no curso 2020/2021.
    - A partir desa data con cita previa chamando ao **886151115** ou mediante o email [ceip.montemogos@edu.xunta.es](mailto:ceip.montemogos@edu.xunta.es).

Presentarase **unha única solicitude para todos os fillos** que estean matriculados no mesmo centro docente para o curso 2020/2021, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso.

**IMPORTANTE:** Para ser beneficiarios desta axuda é preciso ter devolto os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2019/2020. Procederase á súa recollida dende o luns 8 ao venres 12 DE XUÑO.

Tamén **é importante cubrir e asinar todos os apartados de todas as follas.**

Documentación que debe acompañar á solicitude:

- **Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros computables da unidade familiar.** Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2017, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
  - **Sentenza xudicial de separación ou divorcio**, ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
  - **Certificado ou volante de convivencia.**
  - En casos especiais nos que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberá presentarse documento xustificativo.
- No caso de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.

**Datas de publicación de listados:**

**ENTREGA DE CHEQUES** (libros: para 1º e 2º, material: todo primaria): **Do 25 ao 30 de XUÑO**

RELACIÓN PROVISIONAL de solicitudes admitidas e excluídas: Primeira quincena de xullo en <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontemogog>

Reclamacións á resolución provisional nos 2 días seguintes á publicación da listaxe provisional ([ceip.montemogog@edu.xunta.es](mailto:ceip.montemogog@edu.xunta.es))

RELACIÓN DEFINITIVA de solicitudes admitidas e excluídas: Segunda quincena de xullo en <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontemogog>.

Farase chegar ás familias por AbalarMóbil e publicarase na web do centro **a data de entrega dos libros asignados a cada alumno** (do fondo solidario).

**O ALUMNADO QUE NON TEÑA DEREITO AOS LIBROS DO FONDO SOLIDARIO, DEBERÁ MERCAR OS LIBROS POLA SÚA CONTA**

Atentamente,

O equipo directivo